

Recordatorios dirixidos á Consellería de Facenda e Administración Pública refírense ao acceso ao expediente electrónico no FIDES

Expediente: A.11.Q/14397/24

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2025

Sr. conselleiro :

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito solicitando a nosa intervención de XXX con DNI XXX.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No escrito, esencialmente, indícanos o motivo da queixa ao sinalar:

en relación coa "Resolución do 4 de xuño de 2024, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, pola que se se fai pública a baremación provisional da fase de concurso de determinados corpos, escalas e especialidades", publicada no DOG o martes 11 de xuño de 2024 (DOG Núm. 112), solicitei ante a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, o día 12 de xuño de 2024, que o meu expediente electrónico no FIDES fora revisado e actualizado de forma prioritaria, ao igual que o das persoas que sobreestimaron o seu autobaremo no proceso selectivo.

Non habendo recibido a día de hoxe resposta por parte da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, quixera solicitar ante a Valedora do Pobo poder obter unha resposta á miña solicitude.

Aclarar que dispoñer do expediente actualizado pode producir unha vantaxe de cara a futuros procesos selectivos, posto que estas persoas van coñecer de antemán a puntuación que teñen xa asegurada polos méritos "validados" e van dispor de moito máis tempo para poder resolver aquelas incidencias que afecten a méritos non validados..

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración, en especial sobre a tramitación da solicitude da persoa interesada, que nolo remitiu indicando, en esencia, o seguinte:

En virtude do art. 2 da Lei 2/2015, de 29 de abril., de emprego público de Galicia: "Coa finalidade de satisfacer os intereses xerais, a Comunidade Autónoma de Galicia ten

atribuída a potestade de autoorganización, que a faculta, de acordo co ordenamento xurídico, para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega".

Con data do 26 de decembro de 2022 publícase a Resolución do 22 de decembro 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia; no corpo facultativo superior da Administración especial. da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1 e para o ingreso nas categorías 19,32,38 e 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia.

De conformidade coa base 111.3 da convocatoria, "o procedemento de avaliación e a elaboración do baremo realízase en función do número de prazas convocadas e das puntuacións obtidas na avaliación inicial. (puntuacións obtidas automaticamente pola aplicación informática tendo en conta os méritos declarados por cada aspirante).

As puntuacións obtidas por cada persoa aspirante mediante este sistema de avaliación automática serán as que teña en conta o tribunal., para os efectos de seleccionar as solicitudes de participación que van ser susceptibles de ser avaliadas para a elaboración do baremo provisional.. Calquera dato erróneo ou omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin considerarse por tal. motivo lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

Así pois, o autobaremo inicialmente declarado por cada aspirante constitúe o elemento clave que determinará as persoas a baremar sen que a dita actuación sexa vinculante para a administración que está na obriga de comprobar os correspondentes expedientes para acadar a puntuación real atribuíble a cada persoa aspirante.

Esta actuación non pode considerarse, en ningún caso, unha modificación unilateral do autobaremo inicial, senón que se trata da facultade dos tribunais de avahar os méritos conforme as bases da convocatoria co obxecto de obter a puntuación real da persoa aspirante.

Como produto dos trámites anteriores, pode resultar que algunha persoa participante vexa reducida a puntuación que inicialmente declarou, sen que isto supoña a súa eliminación da listaxe do baremo, pero sen que lle outorgue ningún dereito engadido no proceso. De todos modos, lémbrese o disposto na convocatoria para o caso de que as puntuacións reais das persoas autobaremadas fose inferior ás puntuacións declaradas polos seguintes aspirantes da listaxe que non foron baremados na primeira fase, segundo o disposto na referida base 111.3 da convocatoria.

O procedemento establecido na base da convocatoria foi aplicado con carácter homoxéneo en todos os procesos de estabilización convocados polo sistema de concurso

de méritos ao abeiro da Lei 20/21 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Todo o anterior, sen prexuízo de que os méritos que reclama lle sexan validados, se así procede, pola unidade competente en materia de expediente electrónico, segundo o establecido pola Resolución de 5 de decembro de 2023, da Dirección Xeral da Función Pública (agora Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal) pola que se ditan instrucións para regular o contido, uso e acceso ao expediente persoal electrónico do persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais. Esta mesma resolución preceptúa a priorización das solicitudes de actualización do expediente persoal electrónico, coa finalidade de axilizar a resolución dos procesos selectivos.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta nos informes da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa presentada fundaméntase na falta de contestación da Administración ante a solicitude de actualización do expediente persoal da persoa interesada para a súa avaliación no proceso selectivo de estabilización.

Segunda.- A administración no seu informe xustifica a súa actuación e explica o seu proceder en relación coa proceso selectivo de estabilización e á revisión da autoavaliación realizada polas persoas participantes no proceso. Con todo, non sinala se lle deron conta deste procedemento á persoa reclamante tal e como, indica, solicitou por escrito do 12 de xuño.

Nestes senso, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigación legal de ditar resolución expresa en prazo”.

Terceira.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha reposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a solicitude presentada por 34 persoas afectadas, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Cuarta: A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dí, en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”

No artigo 4.Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á administración o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a solicitude presentada pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo en funcións